



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2022-2023

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Proposta de adaptación das actividades dun
campamento de verán para nenas e nenos
con diversidade funcional**

Breogán Pazos Iglesias

Setembro 2023

Directores

José Antonio Rama Fandiño Terapeuta ocupacional. Profesor do Grao en Terapia Ocupacional na Facultade de Ciencias da Saúde, Universidade da Coruña. Director de PASITOS Centro de Desenvolvemento Infantil na Coruña.

Laura Nieto Riveiro Terapeuta ocupacional. Profesora do Grao en Terapia Ocupacional na Facultade de Ciencias da Saúde, Universidade da Coruña.

Índice

Índice de táboas.....	4
Índice de figuras.....	4
Resumo.....	5
Resumen.....	7
Abstract.....	9
1. Introducción.....	11
1.1. Infancia, tempo libre e campamentos de verán.....	11
1.2. Situación das actividades de tempo libre en Galicia.....	13
1.3. Tempo libre e diversidade funcional.....	14
1.4. Tempo libre e Terapia Ocupacional.....	18
2. Obxectivos.....	20
3. Metodoloxía.....	21
3.1. Ámbito e poboación de estudo.....	22
3.2. Primeira liña de actuación: Administración dun cuestionario sobre formación en diversidade funcional no eido do ocio e tempo libre.....	22
3.2.1. Selección de participantes.....	22
3.2.2. Recollida dos datos.....	23
3.2.3. Análise dos datos.....	23
3.3. Segunda liña de actuación: Elaboración dunha guía de recursos e adaptacións para a atención á diversidade no lecer e tempo libre....	25
3.4. Fases do proxecto.....	26
4. Resultados.....	28
4.1. Cuestionario sobre formación en diversidade funcional no ámbito do ocio e tempo libre.....	28

4.2. Guía de recursos para a atención á diversidade nos campamentos de verán	31
5. Discusión	34
5.1. Limitacións do estudo	39
5.2. Futuras liñas de investigación	39
6. Conclusións	41
7. Referencias bibliográficas	42
8. Apéndices	50
8.1. Apéndice I: Lista de abreviaturas, acrónimos e siglas	50
8.2. Apéndice II: Requisitos para a participación de menores con diversidade funcional nos campamentos de verán galegos.....	51
8.3. Apéndice III: Valoración dos participantes con diversidade funcional nos campamentos de verán galegos.....	52
8.4. Apéndice IV: Testemuñas de familias sobre o acceso a campamentos de verán	53
8.5. Apéndice V: Cuestionario sobre formación en diversidade funcional no ámbito do ocio e tempo libre.....	56
8.6. Apéndice VI: Formación do monitorado de tempo libre	57
8.7. Apéndice VII: Guía de recursos para a atención á diversidade nos campamentos de verán	60

Índice de táboas

Táboa I: Estrutura das actividades.....	26
Táboa II: Fases do proxecto.....	27
Táboa III: Actividades da “Guía de recursos para a atención á diversidade nos campamentos de verán”	32

Índice de figuras

Figura 1: Ámbito de traballo	28
Figura 2: Nivel de participación dos menores con diversidade funcional .	29
Figura 3: Motivos de exclusión das persoas con diversidade funcional nas actividades	29
Figura 4: Formación recibida polos profesionais	30
Figura 5: Nivel de importancia dada a recibir formación	30
Figura 6: Perfís de diversidade funcional con máis importancia para formarse	31

Resumo

Título: Proposta de adaptación das actividades dun campamento de verán para nenas e nenos con diversidade funcional.

Introdución: Os campamentos de verán convertéronse nunha das actividades de lecer principais na infancia durante os períodos estivais e unha opción chave para a conciliación familiar. A pesar de que a participación no lecer atópase protexida por diferentes instrumentos internacionais e nacionais, os nenos e nenas con diversidade funcional e as súas familias atopan numerosas barreiras que ocasionan unha situación de discriminación e de falta de oportunidades para participar nunha ocupación significativa como o lecer. Neste contexto, o papel da Terapia Ocupacional na formación e apoio a equipos de lecer e tempo libre podería contribuír á promoción da participación e inclusión dos menores con diversidade funcional nos campamentos de verán.

Obxectivo: O obxectivo xeral deste estudo é potenciar a formación de profesionais de tempo libre no eido da atención á diversidade e impulsar as oportunidades de participación de nenos e nenas con diversidade funcional nos campamentos de verán de pernoita.

Metodoloxía: O estudo desenvolveuse a través de dúas liñas metodolóxicas: un estudo cuantitativo, de carácter observacional e descritivo, e o desenvolvemento dun material de utilidade para a práctica.

Resultados: O resultado principal deste estudo inclúe unha guía de recursos para a atención á diversidade no lecer e tempo libre que ofrece unha proposta de adaptación das dinámicas, rutinas e actividades dun campamento de pernoita baixo unha perspectiva de baixo custo e partindo das principais dificultades detectadas mediante o cuestionario administrado a profesionais do tempo libre.

Conclusións: Non existen unhas directrices claras para a inclusión de persoas con diversidade funcional nos campamentos de pernoita e polo xeral, o equipo non está formado ou non dispón dos recursos necesarios

para atender as necesidades deste colectivo. As achegas desde a profesión da Terapia Ocupacional poderían ser claves para posibilitar unha plena inclusión dos menores con diversidade funcional no lecer.

Palabras clave: infancia; ocio e tempo libre; campamentos; pernoita; inclusión; Terapia Ocupacional.

Tipo de traballo: Traballo de investigación.

Resumen

Título: Propuesta de adaptación de las actividades de un campamento de verano para niñas y niños con diversidad funcional.

Introducción: Los campamentos de verano se han convertido en una de las actividades de ocio principales en la infancia durante los periodos estivales y una opción clave para la conciliación familiar. A pesar de que la participación en el ocio se encuentra protegida por diferentes instrumentos internacionales y nacionales, los niños y niñas con diversidad funcional y sus familias se encuentran con numerosas barreras que ocasionan una situación de discriminación y de falta de oportunidades para participar en una ocupación significativa como el ocio. En este contexto, el papel de la Terapia Ocupacional en la formación y apoyo a equipos de ocio y tiempo libre podría contribuir a la promoción de la participación e inclusión de los menores con diversidad funcional en los campamentos de verano.

Objetivo: El objetivo general de este estudio es potenciar la formación de los profesionales del tiempo libre en el campo de la atención a la diversidad e impulsar las oportunidades de participación de las niñas y niños con diversidad funcional en los campamentos de verano de pernocta.

Metodología: El estudio se desarrolló a través de dos líneas metodológicas: un estudio cuantitativo, de carácter observacional y descriptivo, y el desarrollo de un material de utilidad para la práctica.

Resultados: El resultado principal de este estudio incluye una guía de recursos para la atención a la diversidad en el ocio y tiempo libre que ofrece una propuesta de adaptación de las dinámicas, rutinas y actividades de un campamento de pernocta bajo una perspectiva de bajo coste y partiendo de las principales dificultades detectadas mediante el cuestionario administrado a profesionales del tiempo libre.

Conclusiones: No existen unas directrices claras para la inclusión de personas con diversidad funcional en los campamentos de pernocta y por lo general, el equipo no está formado o no dispone de los recursos

necesarios para atender las necesidades de este colectivo. Las aportaciones desde la profesión de la Terapia Ocupacional podrían ser claves para posibilitar una plena inclusión de los menores con diversidad funcional en el ocio.

Palabras clave: infancia; ocio y tiempo libre; campamentos; pernocta; inclusión; Terapia Ocupacional.

Tipo de trabajo: Trabajo de investigación.

Abstract

Title: Proposal for adapting the activities of a summer camp for children with functional diversity.

Introduction: Summer camps have become one of the main leisure activities for children during the summer and a key option for family reconciliation. Even though participation in leisure is protected by different international and national instruments, children with functional diversity and their families encounter numerous barriers that cause a situation of discrimination and lack of opportunities to participate in a meaningful occupation such as leisure. In this context, the role of Occupational Therapy in the training and support of leisure and free time teams could promote the participation and inclusion of children with functional diversity in summer camps.

Objective: The general objective of this study is to enhance the training of leisure professionals in the field of functional diversity and to promote opportunities for the participation of children with functional diversity in overnight summer camps.

Methodology: The study is developed through two methodological lines: a quantitative, observational and descriptive study, and the development of a useful material for practice.

Results: The main result of this study includes a guide of resources for the attention to diversity in leisure and free time that offers a proposal for the adaptation of the dynamics, routines and activities of an overnight camp under a low-cost perspective and based on the main difficulties detected by means of the questionnaire administered to leisure time professionals.

Conclusions: There are no clear guidelines for the inclusion of people with disabilities in overnight camps and, in general, the team is not trained enough or does not have the necessary resources to meet the needs of this group. Contributions from the Occupational Therapy profession could be

key to enable full inclusion of children with functional diversity in leisure activities.

Key words: childhood; leisure; summer camps; inclusion; overnight; Occupational Therapy.

Type of study: Research work.

1. **Introdución**

1.1. **Infancia, tempo libre e campamentos de verán**

O concepto de infancia tivo diferentes apreciacións ao longo da historia, polo seu compoñente histórico e cultural (1). Durante esta etapa, as nenas e nenos desenvolven habilidades a través do proceso de “aprender a aprender”, a adquisición de coñecementos e a acción, todo iso en interacción coa súa contorna e grupo de iguais. Desta maneira, constrúen os cimentos necesarios para comprender o mundo que os rodea e para recoñecer e entender tanto a si mesmos como aos demais (2).

Dentro deste gran período distínguense dúas fases: a primeira infancia, desde o desenvolvemento prenatal ata os 8 anos, e a segunda infancia, que abarca as idades de entre 8 e 12 anos. Esta última garda unha gran relevancia polos innumerables cambios nas diferentes áreas do desenvolvemento humano: físico, psicolóxico, emocional e social. Nesta fase, os nenos e nenas continúan desenvolvendo a súa potencialidade e participación na comunidade (3).

Dentro desta participación na sociedade, encóntrase a participación no lecer e no tempo libre. Enténdese por lecer “todas aquelas situacións exentas da obrigatoriedade de levar a cabo unha tarefa ou traballo, e que supoñen momentos idóneos para realizar e gozar de actividades voluntarias que respondan aos propios intereses” (4).

Os beneficios que supoñen as actividades de lecer e tempo libre son “emocionais, sociais, físicos, cognitivos e condutuais, ademais de potenciar o autoconhecimento e o desenvolvemento da autodeterminación” (4). Ademais, as actividades de lecer e tempo libre funcionan coma unha ferramenta para a “normalización” e a socialización así como a inclusión social (4).

Dentro das actividades de ocio e tempo libre sitúanse os campamentos de verán, que, tradicionalmente, foron os exemplos máis destacados de

actividades de lecer e tempo libre dirixidas á poboación infantil nos períodos estivais (5). Algúns autores definen os campamentos coma “un micromedio, é dicir, un espazo reducido que constituído formalmente, ofrece ocupacións particulares e especializadas as súas usuarios e os seus usuarios” (6).

Os campamentos adoitan estar ligados a unha gran diversidade de temáticas, como a aprendizaxe dun deporte, o coñecemento da natureza por medio de actividades como sendeirismo, xogos medio-ambientais, actividades culturais... entre outros (7). As fórmulas tamén foron cambiando e evolucionando en canto á súa localización (urbanos ou no medio natural), nomenclatura, tamaño, carácter grupal, instalacións ou organización (de carácter privado ou público) (5).

Ademais, posúen características intrínsecas da actividade como o afastamento temporal da familia, a intensidade e dimensión colectiva da experiencia, e a redución dos condicionantes externos sobre a actividade. Estas condicións fan que os campamentos de pernoita representen a actividade infantil e xuvenil que máis habilidades require do persoal do campamento (5).

Durante a estancia nestes campamentos de verán de pernoita, as nenas e nenos seguen unha rutina no marco do campamento onde realizan as súas actividades da vida diaria, ademais de participar en actividades relacionadas coa temática do campamento. A condición de pernoitar engade un reto adicional: unha gradual e incluso primeira experiencia de separación do núcleo familiar no tempo e a primeira distancia que toda persoa experimenta ao longo da súa vida (5). En suma, un campamento serve para que os seus participantes continúen o seu proceso de desenvolvemento global.

Sen embargo, os campamentos son un fenómeno que “apenas foi investigado e que poderíamos cualificar de evento sociolóxico, pois, a súa posta en marcha e evolución, como reflexo dunha sociedade, relaciónase directamente coas necesidades das familias” (5). Ben e certo que de maneira cuantitativa e a nivel nacional, os campamentos de verán, como

modelo pedagóxico e produto de tempo libre xuvenil e infantil, non foron analizados desde unha perspectiva investigadora e analítica (5).

1.2. Situación das actividades de tempo libre en Galicia

A cantidade de horas libres que gozan os mozos nun día de verán non están cuantificadas pero estas exceden as relativas ao curso escolar. Os campamentos representan o “momento de experimentación xuvenil máis relevante” (5). Comeza a xurdir paralelamente a necesidade de conciliación laboral das familias, especialmente en períodos non lectivos, potenciando así o nacemento de entidades prestadoras de servizos de campamentos (5).

No caso das actividades de lecer e tempo libre organizadas, as diferentes Comunidades Autónomas (CCAA) asumiron a responsabilidade do control destas tras a configuración do Estado Español descentralizado, e asunción de competencias en materia de mocidade por parte das CCAA. De esta maneira, a partir do ano 1985, Ano Internacional da Mocidade, as diferentes administracións comezaron a asumir a responsabilidade do control das actividades, da promoción e da oferta dos campamentos e de regular por conseguinte, a formación dos educadores non formais, así como as condicións e características da intervención no tempo libre (5).

Na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, considéranse actividades de tempo libre: “acampada, marchas volantes ou roteiros e campos de traballo” (8). No caso das acampadas, considerarase acampada sempre e cando exista “un número superior a 9 participantes, que non teñan carácter familiar, inclúan na súa duración un mínimo de 3 noites consecutivas e impliquen asentamentos humanos temporais nos que a pernoita se realice en tendas de campaña, caravanas, albergues móbiles ou calquera outro elemento facilmente transportable” (8). Nesta clasificación incluíríanse os campamentos de pernoita, os cales constitúen o foco neste proxecto.

Como instalacións nas que desenvolver actividades de lecer e tempo libre identifícanse co nome de instalacións xuvenís: “granxas escolas ou aulas da natureza, albergues xuvenís, residencias xuvenís e campamentos xuvenís”. Estes últimos defínense como “instalacións ao aire libre dotadas duns equipamentos básicos fixos, nas que as pernoitas se realizan en tendas de campaña, caravanas, albergues móbiles ou calquera outro elemento facilmente transportable, e destinadas á realización de estancias con grupos de nenas e nenos e novos para o desenvolvemento de actividades de lecer ao aire libre” (8). Estas instalacións deben cumprir a normativa vixente en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras.

A nivel cuantitativo, Galicia sitúase na 2ª posición da clasificación de promoción de prazas de campamentos (5), sendo os campamentos de verán, dirixidos a nenas e nenos de 9 anos ata 17, o motor da campaña e o modelo de actividade ao que máis atención se lle ofrece (9).

Desta maneira, no contexto galego, os campamentos de verán van máis alá dunha mera actividade de ocio. Os campamentos de verán supoñen a principal medida de conciliación laboral durante as vacacións escolares e unha actividade de lecer esperada por moitas nenas e nenos. Así, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia concibe a súa Campaña de Verán 2023, non unicamente como unha forma de entretemento para os mozos e mozas galegos, senón tamén como un recurso que contribúe á conciliación entre a vida familiar e laboral, ofertando 11.238 prazas de campamentos en Galicia e noutras CCAA de España para nenos, nenas, mozos e mozas de 9 a 17 anos (9).

1.3. Tempo libre e diversidade funcional

En Galicia, hai 6.867 persoas con discapacidade de entre 7 a 15 anos de idade, de acordo cos datos do 2022 do Instituto Galego de Estatística (IGE), das cales 980 teñen recoñecida a necesidade de axuda dunha 3ª persoa (10). A discapacidade pode definirse como “o resultado dunha complexa relación entre a condición de saúde dunha persoa e os seus factores

persoais, e os factores externos que representan as circunstancias nas que vive esa persoa” (11).

Cómpre destacar que no presente estudo utilizarase maioritariamente e como sinónimo do termo “persoa con discapacidade” ou “discapacidade” o concepto de “persoa con diversidade funcional” ou “diversidade funcional”, respectivamente. Este termo foi introducido por primeira vez polo Foro de Vida Independente (FVI) en 2005 como reivindicación “cara un novo paradigma que faga fincapé no valor enriquecedor da diversidade na nosa sociedade” (12).

O dereito ao lecer das nenas e nenos con diversidade funcional está apoiado por diferentes instrumentos internacionais e nacionais que protexen os dereitos das persoas con diversidade funcional en xeral dos menores en particular (13-15).

A Convención da Organización das Nacións Unidas (ONU) sobre os dereitos das persoas con discapacidade (13), que entrou en vigor o 3 de maio de 2008, recoñece no seu artigo 30 o dereito das persoas con discapacidade a participar, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas actividades recreativas e de lecer e tempo libre. Así mesmo, a Convención sobre os Dereitos do Neno (1989) recoñece no artigo 31 o dereito dos nenos e nenas para “participar no xogo, o descanso, o tempo libre, as actividades recreativas e culturais, e a gozar plenamente do seu tempo de lecer” (14).

No caso do territorio nacional, existen regulacións que protexen os dereitos das persoas con discapacidade e garanten o seu acceso ao lecer como o artigo 7 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a cal versa exclusivamente sobre o dereito á igualdade das persoas con discapacidade (15).

No relativo aos campamentos de verán dentro da CA de Galicia, na Orde do 29 de marzo de 2023 pola que se regula a oferta de prazas para

actividades xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2023 e se procede á súa convocatoria (códigos de procedemento BS303A, BS303F, BS303G e BS303H) recóllese como principal obxectivo “ofrecer ás persoas con diversidade funcional diferentes oportunidades de modalidades de participación: polo procedemento xeral ou polo procedemento das prazas reservadas de inclusión” (16).

Deste modo, os menores galegos con diversidade funcional poderían acceder ós campamentos de verán mediante dúas vías: as prazas reservadas nun campamento ordinario ou nun campamento exclusivo para persoas con diversidade funcional. Refírese que “deste xeito preténdese que a inclusión social das persoas mozas con discapacidade sexa unha realidade ao tempo que se favoreza a interacción e a convivencia entre toda a mocidade” (16).

No 2023, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ofertou un total de, no referente a menores con discapacidade e campamentos de pernoita, 250 prazas en campamentos de participación exclusiva de persoas con discapacidade e ofrecéronse 6 opcións de campamentos con prazas reservadas na provincia de Pontevedra, 2 en Lugo e 3 na Coruña, fronte a 53 tipos dirixidos a actividades en todas as provincias (16). Os requisitos para participar neste tipo de campamentos (17) pódense consultar no Apéndice II. A estas prazas habería que sumarlle as prazas que se ofertan desde outros organismos tales como as Deputacións, os Concellos ou as entidades de carácter privado.

Para a valoración das persoas con diversidade funcional, utilízase un formulario que recolle información específica da persoa, como o tipo de centro ao que asiste habitualmente, se ten recoñecida a axuda de terceira persoa, se utiliza algún produto de apoio específico, ou as necesidades específicas de apoio para a realización das actividades cotiás, como erguerse e deitarse, comer, asearse, vestirse ou desprazarse (Apéndice III).

Nas bases asegúrase que dispoñerán dun “equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso. Así mesmo, e para o caso das persoas con discapacidade que por razón das súas necesidades especiais precisen apoio, disporase de persoal que conte coa formación e experiencia necesarias para atendelas” (18). Non se indica o número de prazas reservadas para a inclusión.

Como se comentou ao principio deste apartado, os distintos ambientes poden ter efectos distintos nun individuo cunha mesma condición de saúde. Unha contorna con barreiras, ou sen facilitadores, restrinxirá o desempeño do individuo; mentres que outras contornas que sexan máis facilitadoras poden favorecerlo (19). Aplicado a dinámica dos campamentos, estes poden dificultar a participación dun individuo xerando barreiras, por exemplo, ao crear instalacións de ocio e tempo libre inaccesibles ou ao non proporcionar elementos facilitadores, como podería ser a falta de apoios ou de formación en atención á diversidade do monitorado.

As asociacións senten a obriga de resaltar unha verdade evidente: estamos a falar de nenas e nenos que desexan e merecen ter a oportunidade de xogar. As entidades incluso afirman que “a falta de inclusión en campamentos e actividades de verán é só a punta do iceberg dunha materia pendente” (19). As familias con menores con diversidade deben abordar maiores retos engadidos ao desafío da conciliación familiar.

A miúdo, familias denuncian a través de entidades sociais ou medios de comunicación situacións de discriminación cara a menores con diversidade funcional nos campamentos de verán. O Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) identifica, a partir das testemuñas que se recollen no (Apéndice IV), as principais dificultades que recoñecen as familias neste eido, as cales ocasionan situacións de discriminación deste colectivo. Como barreiras principais identifícanse: os requisitos excluíntes, a falta de formación e a sobrecarga da persoa coidadora ante a ausencia de respiro familiar e falta de recursos (20-24).

As entidades sociais e familias de menores con diversidade funcional denuncian que tanto no eido privado como no público, existe unha situación de discriminación na oferta de lecer, causando graves repercusións na socialización e conciliación das familias deste colectivo (25).

Con todo, os campistas tamén poden presentar limitacións derivadas da súa condición para prestar atención ás actividades, menor capacidade para facer fronte ás esixencias da contorna, como o son, a luz e as sensacións táctiles, e menor conciencia social. Todos estes problemas poden afectar á súa capacidade para participar plenamente nas actividades do campamento (26).

1.4. Tempo libre e Terapia Ocupacional

A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT, polas súas siglas en inglés) define a Terapia Ocupacional (TO) coma “unha profesión sanitaria centrada no cliente que se ocupa de promover a saúde e o benestar a través da ocupación. O obxectivo principal da TO é capacitar ás persoas para participar nas actividades da vida cotiá. Os terapeutas ocupacionais logran este resultado traballando coas persoas e as comunidades para mellorar a súa capacidade de participar nas ocupacións que queren, necesitan ou se espera que fagan, ou modificando a ocupación ou a contorna para apoiar mellor o seu compromiso ocupacional (27).

O lecer está contemplado como unha das áreas ocupacionais significativas do ser humano. O Marco de Trballo para a Práctica de Terapia Ocupacional da Asociación Estadounidense de Terapia Ocupacional (AOTA, polas súas siglas en Inglés) define o lecer coma “unha actividade non obrigatoria que está intrinsecamente motivada e realízase durante un tempo discrecional, é dicir, tempo non dedicado a ocupacións obrigatorias como o traballo, o coidado persoal ou o sono” (28). Son numerosos os marcos e modelos de TO que sitúan o lecer como unha prioridade das intervencións desta profesión como pode ser o Modelo Canadense do

Desempeño Ocupacional (29), o Modelo de Ocupación Humana (MOHO) (30) ou o Modelo de Persoa-Ambiente-Ocupación (31).

Na actualidade, é pouca a investigación sobre a figura do terapeuta ocupacional como parte dun equipo de lecer e tempo libre, en concreto, dentro dun equipo de profesionais dun campamento de verán. Sen embargo, son moitos os terapeutas ocupacionais que participan, aínda que non de maneira recoñecida, neste tipo de actividades (32).

A bibliografía sinala numerosos beneficios de participar en campamentos de verán. Estas áreas inclúen melloras como o aumento da independencia nas actividades da vida diaria e da autonomía. Estas áreas son de especialización para a TO (32).

Algúns autores suxiren que esta profesión pode resultar extremadamente beneficiosa para os campamentos de verán (32) e recomendan integrar esta disciplina na programación tradicional dos campamentos para crear unha contorna segura a nivel emocional e física, que promova os apoios necesarios e o seguimento das tarefas individualizadas para apoiar a participación de cada campista. A disciplina da TO ofrece unha perspectiva única na adaptación de actividades e contornas ás esixencias das tarefas, o cal pode axudar ao persoal para promover a inclusión e participación das persoas con diversidade funcional (33-34).

En base a todo o exposto anteriormente, neste traballo preténdese analizar a situación actual da formación de profesionais de tempo libre en atención á diversidade na CA de Galicia e potenciar o papel da TO neste ámbito a través da preparación dun documento que sirva de guía para os profesionais no deseño e adaptación de diversas actividades que se desenvolven habitualmente nos campamentos de verán. Deste modo, impulsarase a participación en igualdade de oportunidades das nenas e dos nenos con diversidade funcional nos campamentos de verán de pernoita.

2. Obxectivos

O obxectivo xeral deste estudo é potenciar a formación de profesionais de tempo libre no eido da diversidade funcional e impulsar as oportunidades de participación das nenas e nenos con diversidade funcional en actividades de lecer e tempo libre.

Como obxectivos específicos se identificaron:

- Describir as necesidades formativas de profesionais de lecer e tempo libre de Galicia no ámbito da diversidade funcional.
- Proporcionar unha guía que sirva de apoio a profesionais de tempo libre na adecuación do entorno nos campamentos de verán, e na adaptación dos materiais e dinámicas das actividades, co fin de promover a inclusión das persoas con diversidade funcional.
- Potenciar o rol da TO na formación de profesionais de lecer e no deseño e planificación de actividades de ocio e tempo libre para nenas e nenos.

3. Metodoloxía

O presente traballo divídese en dúas liñas de actuación diferentes:

- A primeira liña desenvólvese a través dun estudo cuantitativo, de carácter observacional e descritivo. Esta liña está relacionada coa administración dun cuestionario encamiñado a coñecer a situación actual formativa de profesionais de lecer e tempo libre de Galicia en relación coa diversidade funcional e as principais necesidades neste campo.

Os estudos observacionais “pretenden describir un fenómeno dentro dunha poboación de estudo e coñecer a súa distribución na mesma. Non existe ningunha intervención por parte do investigador, o cal se limita a medir o fenómeno e describilo tal e como se atopa presente na poboación de estudo” (35).

Nos estudos descritivos, “o investigador límitase a medir a presenza, características ou distribución dun fenómeno nunha poboación nun momento de corte no tempo, (...) e sobre todo, limitándose a describir un ou varios fenómenos sen intención de establecer relacións causais con outros factores” (35). Este traballo límitase a estudar o fenómeno pero non pretende establecer ningunha relación causal no tempo con ningún outro fenómeno.

- A segunda liña de actuación baséase no desenvolvemento dun material de utilidade para a práctica. Esta liña é a que ten que ver co deseño e elaboración dunha “Guía de recursos de atención á diversidade no lecer e tempo libre”.

En seguintes apartados (3.2 e 3.3), descríbense estas liñas en maior profundidade.

3.1. Ámbito e poboación de estudo

Este traballo céntrase na situación das nenas e nenos con diversidade funcional en idade de participación nos campamentos de verán con pernoita, con idades comprendidas entre os 8 e os 14 anos.

Tal e como se menciona na introdución, Galicia sitúase na 2ª posición da clasificación de promoción de prazas de campamentos e ten un total de 6.867 persoas con discapacidade de entre 7 a 15 anos de idade, de acordo cos datos do ano 2022 do IGE. Destas, 980 teñen recoñecida a necesidade de axuda dunha 3ª persoa (10).

3.2. Primeira liña de actuación: Administración dun cuestionario sobre formación en diversidade funcional no eido do ocio e tempo libre

3.2.1. Selección de participantes

O tipo de mostraxe que se utilizou foi a mostraxe teórica intencional (36) non aleatoria, debido a que as persoas participantes foron seleccionadas de maneira intencionada, seguindo os criterios de inclusión que se amosan a continuación:

- Persoas adultas, cunha idade igual ou superior aos 18 anos.
- Persoas con formación en monitorado de tempo libre ou dirección de tempo libre.
- Persoas que traballan ou traballaron no ámbito do lecer e tempo libre en Galicia.

Por outra banda, os criterios de exclusión identificados foron:

- Persoas que non teñan acceso a un dispositivo con conexión a Internet.
- Persoas que se atopen na actualidade en situación de incapacidade legal.

3.2.2. Recollida dos datos

Co fin de coñecer o nivel de formación recibida por parte dos profesionais de tempo libre en materia de atención á diversidade, creouse un formulario de elaboración propia denominado “Cuestionario sobre formación en diversidade funcional no ámbito do ocio e tempo libre” (Apéndice V).

O obxectivo do cuestionario radica en coñecer como perciben os/as propios/as profesionais a necesidade de formación, así como a situación actual en canto á preparación do persoal do tempo libre para dar unha correcta atención a nenos e nenas con diversidade funcional.

Ao principio do cuestionario, inclúese a información sobre o estudo necesaria para que as persoas coñecesen as condicións da súa participación nesta investigación. Da mesma maneira inclúese unha primeira pregunta para que puidesen deixar constancia da súa participación voluntaria no traballo.

No cuestionario abordáronse preguntas relacionadas co ámbito de traballo, experiencia no trato con participantes con diversidade funcional, percepción sobre o nivel de inclusión de ditos integrantes e o nivel de formación adquirido en atención á diversidade así coma o valor que o propio equipo de monitorado lle outorga a ter formación neste campo.

Este cuestionario foi administrado de maneira online a través de “Google Forms”. Enviouse a unha base de datos de persoal de profesionais do lecer e tempo libre elaborada a partir dos contactos persoais do alumno investigador e as persoas responsables de titorizar este traballo.

3.2.3. Análise dos datos

Neste apartado identifícanse as variables consideradas na análise realizada durante o traballo. Realizouse unha análise estatística básica dos datos recollidos a través do cuestionario na que se calcularon frecuencias e porcentaxes das seguintes variables:

- **Título de monitorado ou dirección en tempo libre:** Si / non.
- **Ámbito de traballo:** Campamento de pernoita / Campamento urbano / Ludotecas / Animacións / Comedores / Outro (indique cal).
- **Experiencia previa na atención de persoas con diversidade funcional como monitor/a de lecer e tempo libre:** Si / non.
- **Nivel de participación percibido por parte das persoas con diversidade funcional nos campamentos de verán:** Si, en todos os casos / En case todos os casos / Nalgún caso si, nalgún caso non / En ningún caso ou case en ningún / Na maioría de casos non.
- **Motivos de exclusión das persoas con diversidade funcional nas actividades:** Falta de coñecemento sobre adaptacións / Falta de coñecemento sobre como actuar / Falta de recursos para adaptar a actividade / Outro (indique cal).
- **Formación previa en atención a diversidade:** Si / non.
- **Tipo de formación recibida.**
- **Percepción da existencia de profesionais de tempo libre formados en atención a diversidade:** Si / non.
- **Cualificación da importancia dada a posuír formación en atención a diversidade:** Si / non.
- **Perfís de diversidade funcional nos que se encontran máis interesados en recibir información:** Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) / Trastorno do Espectro Autista (TEA) / Síndrome de Down ou Discapacidade intelectual en xeral / Discapacidade visual total ou parcial / Paraplexía temporal ou permanente (persoa usuaria de cadeira de rodas); Retraso madurativo / Para todos os perfís é igual de necesario recibir formación.

Esta análise foi complementada cunha revisión dos contidos relacionados coa atención á diversidade nas cualificacións profesionais da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade (Apéndice VI).

3.3. Segunda liña de actuación: Elaboración dunha guía de recursos e adaptacións para a atención á diversidade no lecer e tempo libre

Esta liña de actuación céntrase no desenvolvemento dunha guía que poida ser de utilidade para persoas profesionais do ámbito do lecer e tempo libre, especialmente, as persoas que desenvolvan a súa actividade profesional en campamentos de verán de pernoita. O documento elaborouse en formato online para facilitar a súa posterior difusión e consulta por o maior número de persoas posible. A guía presenta a seguinte estrutura:

- Introducción.
- Obxectivo e instrucións de uso da guía.
- Rutinas do campamento.
- Consideracións xerais: interacción coa diversidade.
- Proposta de adaptación das actividades diúrnas.
- Proposta de adaptación das actividades nocturnas (veladas).
- Glosario.
- Referencias.

En base ás respostas do cuestionario, elixíronse dous perfís concretos de persoas con diversidade funcional para elaborar as propostas de adaptación das actividades: para persoas con TEA e discapacidade visual.

A guía sitúa o foco nos campamentos de verán de pernoita; sen embargo, ofrece ideas e recursos que poden ser aplicables tamén noutras actividades do ámbito do lecer e tempo libre.

Por outra banda, aínda que se focaliza nuns perfís concretos de diversidade, proporciónanse suxestións de adaptacións que tamén poden ser de aplicación con outros perfís de persoas.

As actividades son descritas dunha maneira xeral e, posteriormente, inclúese unha proposta de actividade concreta e temporalizada. As actividades encóntranse descritas baixo o esquema da Táboa I.

Táboa I: Estrutura das actividades

Actividade xeral	<ol style="list-style-type: none"> 1. Descrición 2. Obxectivos 3. Beneficios
Proposta de actividade	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dinámica 2. Obxectivo 3. Temporalidade 4. Materiais 5. Espazo

As adaptacións propostas seguen un enfoque de “baixo custo”, concepto comunmente aplicado aos produtos de apoio para a autonomía persoal e que fai referencia a “produtos que pode elaborar un mesmo, ou pode conseguir por un prezo reducido” (37). O motivo de selección deste enfoque reside na necesidade de aproveitamento dos recursos propios que dispoñen nos campamentos de verán.

3.4. Fases do proxecto

Este proxecto desenvólvese en catro fases, as cales se describen a continuación na Táboa II segundo as liñas de actuación nas que se enmarcan.

Táboa II: Fases do proxecto

1ª Liña de actuación	
Fase 1	Selección de participantes
No estadio inicial do traballo, decidiuse realizar unha selección das persoas enquisadas baixo unha mostraxe teórica intencional non aleatoria.	
Fase 2	Recollida de datos
Distribuíse un cuestionario de elaboración propia para profesionais do lecer e tempo libre da CA de Galicia.	
Fase 3	Análise de datos
Nesta fase, logo de recompilar a información, levouse a cabo unha análise das respostas obtidas do cuestionario.	
2ª Liña de actuación	
Fase 4	Elaboración da guía
<p>Esta fase comprende o desenvolvemento e maquetación da guía de inclusión de actividades de campamento de verán, que representa o principal produto obtido do estudo.</p> <p>Levouse a cabo unha análise para identificar aquela bibliografía que fose relevante e complementase a guía.</p> <p>Seleccionáronse as actividades para a súa posterior adaptación.</p> <p>Seleccionáronse os perfís para a adaptación das actividades.</p>	


4. Resultados

4.1. Cuestionario sobre formación en diversidade funcional no ámbito do ocio e tempo libre

A continuación, preséntanse os resultados da administración do “**Cuestionario sobre formación en diversidade funcional no ámbito do ocio e tempo libre**” (Apéndice V).


Obtívose unha participación de 76 persoas do ámbito do lecer e tempo libre, das cales o 94,7% posúen a formación en monitorado de tempo libre e un 29,9% traballaron en campamentos de pernoita, tal e como se mostra na Figura 1.

Figura 1: Ámbito de traballo




Con respecto á posibilidade de participación nas actividades do campamento por parte das nenas e nenos con diversidade funcional, o 49,4% dos profesionais refiren que baixo a súa perspectiva, este colectivo puido participar en case todos os casos, e o 29,1% puideron participar nalguna das actividades que se levaron a cabo durante a estancia no campamento pero noutras non. Estes resultados se detallan na Figura 2.

Figura 2: Nivel de participación dos menores con diversidade funcional



Os motivos que se destacaron para a falta de oportunidades de participación foron cun 53,47% a falta de recursos para adaptar a actividade, cun 24,75% a falta de coñecemento sobre adaptacións, e cun 21,78% a falta de coñecemento sobre como actuar cos distintos casos.

Figura 3: Motivos de exclusión das persoas con diversidade funcional nas actividades



Tal e como se reflicte na Figura 4, un 57,9% das persoas enquisadas refire que non recibiu formación en atención á diversidade. Todas as persoas enquisadas salvo unha, en base á súa propia experiencia profesional, consideran importante dispoñer de formación sobre diversidade funcional para traballar neste ámbito (Figura 5). A persoa que non o identifica como

importante apunta que “non é importante sempre e cando haxa unha persoa encargada ou con formación nese ámbito que explique ao resto como actuar”.

Figura 4: Formación recibida polos profesionais






Figura 5: Nivel de importancia dada a recibir formación



No caso das persoas que recibiron formación, todas refiren formacións adicionais independentes do título de monitor/a como o Grao en TO, Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (CCAFYD), Grao en Educación Social, Ciclo Técnico Superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva (TSEAS) ou formación a través de entidades sociais coma a Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE). Por outra banda, o 84% das persoas que responderon a enquisa, cre que, en xeral, as persoas que traballan neste ámbito non posúen formación sobre atención á diversidade funcional.

O 98,7% refire que nalgún momento participaron menores con diversidade funcional nos seus campamentos. Indican, tendo en conta ás limitacións que pode presentar un menor ou baseándose no número de casos que atopan habitualmente de cada perfil, que lles gustaría recibir formación preferente a ferramentas sobre atención principalmente en todos os perfís (41,89%), TEA (13,51%), Síndrome de Down ou Discapacidade intelectual (10,81%). A continuación, na Figura 6 pódense observar todas as opcións seleccionadas polas persoas participantes.

Figura 6: Perfís de diversidade funcional con máis importancia para formarse



A través destes resultados pódese observar como a maioría de participantes afirman non ter formación neste campo e que a maior parte das/os nenas/os con diversidade funcional que asistiron ás súas actividades non puideron participar pola falta de adaptación dos entornos ou as actividades.

4.2. Guía de recursos para a atención á diversidade nos campamentos de verán

Como resultado do traballo creouse unha “**Guía de recursos para a atención á diversidade nos campamentos de verán**” (Apéndice VII). Este documento foi creado co obxectivo de proporcionar información e ferramentas prácticas para asegurar unha experiencia inclusiva e enriquecedora para todos os participantes dun campamento, independentemente das súas habilidades ou condicións físicas, cognitivas ou sensoriais.

Esta guía ofrece unha visión xeral dos diferentes tipos de diversidade funcional, así como consellos prácticos sobre como adaptar as rutinas e actividades para garantir a accesibilidade aos perfís de diversidade seleccionados. Tamén explora recursos e estratexias para fomentar a inclusión.

Inclúe un glosario de termos para familiarizar a persoa lectora coa terminoloxía utilizada así como as referencias a partir das cales pode ampliar información.

Na guía describíronse e adaptáronse un total de 5 actividades diúrnas e 5 actividades nocturnas. Estas actividades amósanse a continuación na Táboa III.

Táboa III: Actividades da “Guía de recursos para a atención á diversidade nos campamentos de verán”

Actividades diúrnas	Actividades nocturnas (veladas)
Snorkel	Ninjas
Vivac	A maldición de Ramsés
Orientación	Bandeiras
Tiro con arco	Países
Construción na area	Farfán

Os perfís seleccionados para facer as adaptacións foron persoas con TEA, por ser o perfil que as persoas enquisadas marcaron como prioritario en recibir formación, e a discapacidade visual, para tratar de responder a un dos motivos principais da falta de participación (a falta de recursos) detectada no cuestionario, por tratarse dun dos perfís que máis adaptacións pode requirir no relativo aos recursos materiais.

En canto ao tipo de adaptacións, no relativo ao TEA propuxéronse adaptacións relacionadas con: uso de apoios visuais para a comunicación, redución e manexo de estímulos sensoriais que poidan interferir na participación e organización do espazo, das actividades e das rutinas de maneira estruturada, ordenada e predicible (38).

En relación ao perfil de discapacidade visual, fíxose fincapé en aspectos coma: uso de materiais sensoriais para enriquecer a actividade, utilización de referencias doutros sentidos para a orientación espacial, substitución de

elementos visuais nas actividades por elementos sonoros, acceso a información tales como os textos escritos (letreiros, carteis ou instrucións), eliminación de barreiras que dificulten a mobilidade e aprendizaxe de técnicas específicas de guía por parte dos profesionais en caso de ser necesario o apoio para os desprazamentos (39).

Así mesmo, de maneira transversal en todas as actividades e dinámicas do campamento, recoméndase favorecer a participación da persoa con diversidade funcional co seu grupo de iguais.

As adaptacións propostas seguen un enfoque de baixo custo e parten dos materiais que habitualmente posúen os profesionais nos campamentos, tales como: goma eva, tesoiras, papel, impresora, corda, pegamento, ceras, entre outros.

5. **Discusión**

O obxectivo xeral deste estudo foi indagar sobre as oportunidades de participación dos nenos e nenas con diversidade funcional no lecer e tempo libre.

En canto a participación no lecer, a pesar de ser un dereito recoñecido internacionalmente, o colectivo de nenas e nenos con diversidade funcional encóntrase en risco de participar en menor medida as actividades de ocio dentro da comunidade (40). Isto comprende os campamentos de verán, impedindo que este colectivo goce dos beneficios asociados con esta experiencia.

Con este propósito, tratouse de ofrecer aos profesionais do lecer e tempo libre ferramentas para mellorar a inclusión dos nenos e nenas con diversidade funcional nos campamentos e por tanto, favorecer o dereito a participar en igualdade de oportunidades das persoas con diversidade funcional no lecer.

Deste mesmo xeito, procurouse promover o papel da TO neste ámbito, potenciando a súa labor na formación do monitorado en estratexias para a inclusión dos/as menores con diversidade nas actividades e dinámicas de lecer e tempo libre, en concreto dos campamentos de verán de pernoita. Por esta razón, a parte central do estudo sitúase na “Guía de recursos de atención á diversidade no lecer e tempo libre”.

A través da busca bibliográfica e consulta da lexislación e normativa vixente, púidose observar que existen medidas para regular o acceso ao lecer, en concreto, ós campamentos de verán dos nenos e nenas con diversidade funcional. Sen embargo, a lexislación existente e medidas coma a reserva de prazas parece non garantir unha participación plena das persoas con diversidade funcional se o persoal non recibe formación en atención á diversidade e se non consideran a diversidade de perfís de nenos e nenas que poden acudir ó campamento para un deseño dos campamentos baixo o principio de inclusión.

Tras facer unha revisión das condicións de acceso, resalta o requisito de que a persoa “non presente trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade” (17). Isto, coincide coas principais dificultades que se atopan as familias con menores con discapacidade intelectual e do desenvolvemento. Algunhas refiren encontrar “trabas para a aceptación do seu fillo/a ou que este sexa aceptado pero ó pouco tempo é botado da actividade. Noutras ocasións, é aceptado cun custo máis elevado para á familia, incluso aceptación sen dar os apoios necesarios” (24). Isto supón unha vulneración do artigo 14 da constitución española que “garante que todas as persoas son iguais ante a lei e non pode haber ningunha discriminación por ningunha condición especial” (41). Actualmente, un de cada cinco nenas e nenos e adolescentes convive cun trastorno emocional ou condutual diagnosticado, sendo os menores con diversidade funcional os que presentan un maior risco de desenvolver alteracións condutuais. Case un de cada tres menores con discapacidade do desenvolvemento ten diagnosticado un problema de saúde mental concorrente (42). Isto reforza a necesidade existente de que os profesionais de atención directa estean formados no manexo das alteracións da conduta a través de estratexias de intervención e apoio as persoas con este tipo de comportamentos.

Entre medidas máis recomendadas para fomentar dita inclusión encóntranse: mellora de accesibilidade, redución dos custos das actividades dirixidas ao colectivo, reforzo da formación e ratio de profesionais e implantación de sistemas de revisión da normativa e control ás institucións ou empresas organizadoras de campamentos para evitar prácticas discriminatorias e asegurar o cumprimento da normativa en accesibilidade e dos dereitos dos nenos e nenas (43).

Pódese observar que non se trata de casos illados senón que existe unha discriminación no ocio, concretamente no campamentos de verán, cara aos menores con diversidade funcional. Este feito é denunciado cada verán polas familias e colectivos afectados; incluso a entidade “Plena Inclusión”

dispón dun espazo específico na súa páxina web para a denuncia da discriminación de nenos e nenas nos campamentos de verán (44).

Tomando como referencia as respostas do cuestionario, a carga horaria e os contidos vinculados coa atención á diversidade parecen insuficientes. Por outra banda, na lexislación non existe unha definición clara do perfil profesional encargado de facilitar a inclusión das persoas con diversidade funcional no marco dos campamentos de verán de pernoita e ratio de apoio correspondente. Tan só menciónase que “haberá persoal de apoio” (16). Por tanto, pode que todas as dificultades non residan só na formación dos profesionais senón tamén nunha ausencia dun protocolo que regule o reparto das funcións dos profesionais de apoio e a formación requirida, aspecto que os enquisados mencionan no cuestionario administrado neste estudo.

Como medidas positivas para a inclusión se identifican a provisión de persoal de apoio necesario. Suxírese que estes apoios deberán establecerse tras unha avaliación exhaustiva, que non vaia en función do número de nenos ou nenas, senón en función das súas necesidades (43). Isto podería supoñer un aumento do presuposto do campamento á entidade organizadora pero este non debería repercutir nas familias, como se comentaba no parágrafo anterior, xa que as familias con menores con diversidade funcional dispoñen nun nivel menor de ingresos en comparación coas familias sen menores con esta condición. Aínda así, existen poucos estudos que examinen a asociación entre os ingresos familiares e a participación deste colectivo (45).

Sen embargo, dado que a participación na infancia é un fenómeno completo e multifactorial, aínda se precisa máis investigación sobre que factores inflúen e promoven a participación plena dos nenos e nenas con diversidade funcional en actividades de lecer e como estes cambian segundo o neno ou nena se desenvolve (40).

No caso dos menores con diversidade funcional, algúns estudos suxiren que o diagnóstico ou o estado de saúde pode asociarse con variacións significativas na participación, tendo máis influencia a natureza do xogo. Este aspecto aínda precisa dunha investigación máis rigorosa. A súa participación veríase máis afectada por factores coma: as propias limitacións (por exemplo: falta de visión); demandas da actividade (por exemplo: dificultades para atrapar un obxecto); factores persoais (por exemplo: a motivación da persoa); e factores ambientais (por exemplo: a accesibilidade dos espazos) (46).

Estes factores poderíanse abordar dende a adaptación da actividade e da contorna. Ben é certo que, en xeral, existe pouca información que guíe a práctica das entidades provedoras de servizos de ocio para intervir de maneira eficaz nestes factores (47).

Este proceso de participación podería abordarse desde dúas perspectivas: obxectiva-observable, “na que as estratexias de intervención e os resultados diríxense á frecuencia de participación en actividades ou contornas, ou á dispoñibilidade e accesibilidade da contorna para a actividade de lecer”; ou subxectiva-experiencial, “na que as estratexias de intervención pretenden cambiar a experiencia da participación, como a motivación interna, o seu compromiso e a súa inclusión na actividade” (47).

Dadas as necesidades detectadas mediante o cuestionario, xurde a guía como ferramenta para resolver as principais dificultades que presenta o equipo de profesionais: falta de formación en atención á diversidade; a través dunha contextualización xeral sobre a diversidade; e falta de recursos materiais e ausencia de coñecementos sobre como adaptar as actividades, a través dunha guía con adaptacións de baixo custo que lles permitan aproveitar os recursos dispoñibles na contorna do campamento. Este último elemento identifícase como unha proposta innovadora que dá resposta á necesidade detectada no cuestionario: a falta de recursos para adaptar as actividades como causa principal para unha menor participación das persoas con diversidade funcional.

No contexto nacional, existen outras guías que difunden os diferentes recursos de actividades de ocio inclusivas (48-49). No contexto internacional, pódense encontrar guías máis específicas como a dos “Boy Scouts” de América (BSA) (48), que ten como obxectivo dar unhas directrices para tipos específicos de necesidades especiais, ou a da Asociación Australiana de Campamentos (ACA) (49), que destaca por incluír unha ferramenta de autoavaliación para valorar a accesibilidade de diferentes aspectos do campamento coma: a formar de liderar, a formación do persoal e do voluntariado, as comunicacións, ou o deseño das actividades ou das instalacións. Estas dúas guías aseméllanse á guía de recursos que xorde como resultado deste estudo xa que, ofrecen consellos para a actuación e interacción segundo o tipo de necesidades da persoa. Coma proposta de valor adicional, a presente guía ofrece aos profesionais adaptacións concretas para o entorno, as rutinas e para actividades diúrnas e nocturnas no campamento que poderán aplicar directamente coas persoas participantes.

É clave tomar medidas para fomentar a inclusión de nenos con diversidade funcional nos campamentos de verán convencionais. Isto implica: adaptar as instalacións e as actividades baixo o principio de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, proporcionar capacitación ao persoal para traballar con nenas e nenos con diversas habilidades e necesidades, e fomentar unha cultura de inclusión e aceptación no campamento. Para iso, precisan que se lles presten os apoios que requiran e as actividades sexan deseñadas baixo o principio de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas (50).

Tras examinar os factores que están influíndo na participación no lecer, as estratexias recomendadas para abordalos e considerando que o lecer constitúe unha das esferas esenciais dos menores, identifícanse como área clave de actuación da TO. A participación en actividades de ocio é fundamental para “fomentar a saúde e o benestar, así como a inclusión na comunidade”. Por tanto, a promoción da participación en actividades de

ocio debería considerarse unha parte integral da práctica da TO (51) e a súa colaboración cos profesionais de tempo libre debe ser un eixe desta práctica. Esta intervención pode partir do modelo de promoción da saúde para as persoas con diversidade funcional, proposto por Rimmer, que avoga “pola colaboración entre os profesionais da rehabilitación e o persoal ou entidades prestadoras de servizos comunitarios para a prevención, promoción da actividade e a participación en contornas comunitarias” (52). Neste caso, isto podería supoñer a incorporación do perfil profesional da TO no equipo como axente formador ou de promoción da inclusión.

5.1. Limitacións do estudo

As principais limitacións identificadas no presente estudo son as seguintes:

- Inexperiencia do investigador.
- Mostra reducida de profesionais de lecer e tempo libre.
- Ausencia da perspectiva dos familiares e/ou cuidadores principais dos e das menores con diversidade funcional.
- Enfoque puramente cuantitativo do proxecto e centralización dos datos na CA de Galicia.
- Selección de unicamente dous perfís de diversidade funcional.
- Proposta de adaptación de só 5 actividades diúrnas e nocturnas.

5.2. Futuras liñas de investigación

Neste apartado preséntanse algunhas das futuras liñas de actuación que se poderían seguir tendo en consideración o tema central do traballo, os resultados obtidos e as limitacións do estudo mencionadas no apartado anterior:

- Investigar sobre a función da TO como formador e promotor da inclusión no lecer e tempo libre, ante a escasa bibliografía encontrada.

- Realizar un estudo que mida os beneficios da participación dos menores con diversidade funcional e as súas familias nun campamento de verán.
- Establecer unha comparativa sobre o nivel de inclusión e formación dos profesionais nos campamentos de ámbito privado e os promovidos por institucións públicas.
- Complementar o estudo realizando entrevistas aos profesionais de lecer e tempo libre e ás familias de menores con diversidade funcional a fin de coñecer as súas perspectivas e reflexións sobre a inclusión dos menores con diversidade funcional nos campamentos de verán.
- Extrapolar o proxecto á situación da participación das persoas con diversidade funcional nos campamentos noutras CCAA.
- Ampliar a guía ao resto de perfís de diversidade funcional que poidan acudir a un campamento de verán de pernoita e ampliar a proposta de actividades.

6. Conclusións

As principais conclusións que se extraeron tras a realización do presente estudo e a análise dos resultados obtidos son as seguintes:

- O acceso das persoas con diversidade funcional aos campamentos de verán está regulado. Sen embargo, non existen unhas liñas claras para a súa inclusión e nivel de apoios nas dinámicas do campamento.
- Polo xeral, o equipo de profesionais non está formado en atención á diversidade, a non ser que teñan unha titulación complementaria (non esixida). A lexislación non establece uns criterios claros en canto ao contido impartido sobre atención á diversidade.
- Non existen unhas directrices ou bases que guíen ao monitorado na adaptación das diferentes actividades. O equipo de profesionais de lecer e tempo libre non dispón de recursos suficientes para a adaptación de actividades a determinados perfís de nenos e nenas. Por tanto, é o neno ou nena quen se ten que adaptar ao campamento e non o campamento ás características do grupo de nenos e nenas que participa en cada quenda, aspecto contrario aos principios de accesibilidade e deseño universal. Isto se traduce nunha menor oportunidade de participación no ocio dos nenos e nenas con diversidade funcional.
- A TO podería proporcionar estratexias e impartir formación ao persoal de lecer e tempo libre para á atención a diversidade, incluso podendo estar dentro do equipo durante o campamento. Precísase unha maior investigación sobre o papel desta disciplina no lecer e tempo libre como promotora da inclusión dos menores con diversidade funcional.

7. Referencias bibliográficas

1. Coloma Manrique CR. ¿Qué significa ser niño hoy? Educación [Internet]. 2006 [citado 5 de septiembre de 2023];15(29):63-72. Disponible en: <https://revistas.pucp.edu.pe/index.php/educacion/article/view/2382>
2. Lasso MFC, Prado ALR. La construcción social de la infancia y el reconocimiento de sus competencias. Itiner Educ [Internet]. 2012 [citado 5 de septiembre de 2023];26(60):75-96. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6280191>
3. Jaramillo L. Concepciones de infancia. Zona Próx [Internet]. 2007;(8):108-23. Disponible en: <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=85300809>
4. Gutiérrez JCR, Domínguez PR. Propuesta de intervención en el ámbito del ocio y tiempo libre de usuarios/as de COCEMFE Cáceres. Rev Esp Discapac [Internet]. 2014 [citado 5 de septiembre de 2023];2(1):223-31. Disponible en: <https://www.cedid.es/redis/index.php/redis/article/view/112>
5. Los campamentos de verano como modelo de actividades de tiempo libre juvenil [Internet]. Injuve, Instituto de la Juventud. 2011 [citado 5 de septiembre de 2023]. Disponible en: <https://www.injuve.es/observatorio/ocio-y-tiempo-libre/los-campamentos-de-verano-como-modelo-de-actividades-de-tiempo-libre-juvenil>
6. Carlos GC, Carlos RLJ. Refllexiones en torno a la dinámica interna campamental [Internet]. Injuve.es. 2006 [citado 5 de septiembre de 2023]. Disponible en: https://www.injuve.es/sites/default/files/revista72_5.pdf
7. Manuel MGJ. La juventud y los campamentos formativos: el caso de los campamentos con idiomas [Internet]. Injuve.es. 2006 [citado 5 de septiembre de 2023]. Disponible en: https://www.injuve.es/sites/default/files/revista72_8.pdf

8. Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, 49 3.262 2000. <http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/dxxv/decreto50-2000conanexos.pdf>
9. Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Acción de verán [Internet]. Xuventude.net. Disponible en: <https://xuventude.xunta.es/accion-de-veran>
10. Censo de personas con discapacidade [Internet]. Política Social. 2018 [citado 6 de setembro de 2023]. Disponible en: <https://politicasocial.xunta.gal/es/areas/discapacidade/censo-de-personas-con-discapacidade>
11. Cáceres Rodríguez C. Sobre el concepto de discapacidade. Una revisión de las propostas de la OMS. Auditio [Internet]. 2004;2(3):74-7. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.51445/sja.auditio.vol2.2004.0030>
12. Romañach J, de Vida Independiente – Mayo MLF. Diversidade funcional, nuevo término para la lucha por la dignidade en la diversidade del ser humano [Internet]. Forovidaindependiente.org. [citado 6 de setembro de 2023]. Disponible en: http://forovidaindependiente.org/wp-content/uploads/diversidad_funcional.pdf
13. Naciones Unidas. Convención sobre los Derechos de las Personas con Discapacidade y Protocolo Facultativo [Internet]. [citado 5 de setembro de 2023]. Disponible en: <https://www.un.org/disabilities/documents/convention/convoptprot-s.pdf>
14. UNICEF Comité Español. Convención sobre los Derechos del Niño [Internet]. Unicef.es. 2015 [citado 5 de setembro de 2023]. Disponible en: <https://www.unicef.es/publicacion/convencion-sobre-los-derechos-del-nino>
15. BOE-A-2013-12632 Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidade y de su inclusión social [Internet]. Boe.es. [citado 5 de setembro de 2023]. Disponible en: <https://www.boe.es/eli/es/rdlg/2013/11/29/1/con>

16. Consellería de Política Social e Xuventude. ORDE do 29 de marzo de 2023 pola que se regula a oferta de prazas para actividades xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2023 e se procede á súa convocatoria (códigos de procedemento BS303A, BS303F, BS303G e BS303H) [Internet]. Xunta.gal. 2023 [citado 6 de setembro de 2023].
Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230417/AnuncioG0657-300323-0001_gl.pdf
17. Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade. Solicitud de campamentos específicos para persoas con discapacidade 2023 [Internet]. Xunta.gal. [citado 6 de setembro de 2023]. Dispoñible en: https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/programas/solicitud_campamentos_veran_2023_gal.pdf
18. Consellería de Política Social e Xuventude. Programa de campamentos de persoas con discapacidade 2023 [Internet]. 2023 [citado 6 de setembro de 2023]. Dispoñible en: https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/programas/programa_campamentos_persoas_con_discapacidade_2023v2_gal.pdf
19. Comité Español de Representantes de Personas Con Discapacidad (CERMI). Derechos Humanos y Discapacidad. Informe España 2022 [Internet]. 2022 [citado 5 de setembro de 2023]. Dispoñible en: <https://cermi.es/colecciones/coleccion-convencion-onu/3622>
20. Semanal No 487 - Niñas y niños con discapacidad, excluidos de los campamentos de verano [Internet]. 2022 [citado 6 de setembro de 2023]. Dispoñible en: <http://semanal.cermi.es/noticia/Ninas-ninos-discapacidad-excluidos-campamentos-verano.aspx>
21. Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad. Niños con discapacidad no aptos para campamentos de verano. «Mi hijo necesita ocio como cualquier otro» [Internet]. Cerme.es. 2022 [citado 6 de setembro de 2023]. Dispoñible en: <https://cermi.es/noticia/ninos-con-discapacidad-no-aptos-para-campamentos-de-verano-mi-hijo-necesita-ocio-como-cualquier-otro>

22. Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad. Niños con discapacidad en los campamentos de verano. «No te dejan ser, te dejan estar» [Internet]. Cermei.es. 2019 [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: <https://cermei.es/noticia/ninos-con-discapacidad-en-los-campamentos-de-verano-no-te-dejan-ser-te-dejan-estar>
23. Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad. El CERMI y Autismo España denuncian ante el defensor del pueblo las reiteradas expulsiones de menores con autismo [Internet]. Cermei.es. 2019 [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: <https://cermei.es/noticia/el-cermei-y-autismo-espana-denuncian-ante-el-defensor-del-pueblo-las-reiteradas-expulsiones-de-menores-con-autismo-de-campamentos-de-verano>
24. Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad. Por unos campamentos, ludotecas, actividades de ocio... accesibles e inclusivas para todas las personas...con discapacidad también [Internet]. Cermiclm.org. 2022 [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: <https://cermiclm.org/por-unos-campamentos-ludotecas-actividades-de-ocio-accesibles-e-inclusivas-para-todas-las-personas-con-discapacidad-tambien/>
25. Fundación Derecho y Discapacidad, & Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Estudio sobre las necesidades de las familias de personas con discapacidad. 2015. <https://www.consalmudmental.org/publicaciones/Estudio-necesidades-familiares-discapacidad.pdf>
26. Annette Majnemer (2009) Promoting Participation in Leisure Activities: Expanding Role for Pediatric Therapists, Physical & Occupational Therapy In Pediatrics, 29:1, 1-5, DOI: 10.1080/01942630802625163
27. About occupational therapy [Internet]. WFOT. World Federation of Occupational Therapists; 2017 [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: <https://www.wfot.org/about/about-occupational-therapy>
28. Occupational Therapy Framework AOTA 4th Edition 2020 Carrieschmittotd.com. [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en:

- <https://carrieschmittotd.com/wp-content/uploads/2021/04/AOTA-Occupational-Therapy-Practice-Framwork-OTPF-4th-edition.pdf>
29. Simó Algado S. El Modelo Canadiense de Desempeño Ocupacional. Revista Gallega de Terapia Ocupacional [Internet]. 2006 [citado 6 de septiembre de 2023];3:1-27. Disponible en: <https://www.revistatog.com/num3/pdfs/Expertol.pdf>
30. Gary K. Fundamentos conceptuales de la Terapia Ocupacional. 3a ed. Buenos Aires: Editorial Médica Panamericana; 2006.
31. Parra Esquivel EI, Luz Peñas Felizzola O. El niño con discapacidad: elementos orientadores para su inclusión social. Salud Uninorte [Internet]. 2015 [citado 6 de septiembre de 2023];31(2):329-46. Disponible en: <http://www.scielo.org.co/pdf/sun/v31n2/v31n2a13.pdf>
32. Tate B, MacDermott S, Cohill B. Occupational therapy's role in adapting residential youth camps for increased inclusion. 2020 [citado 6 de septiembre de 2023]; Disponible en: <https://soar.usa.edu/otdcapstonespring2020/3/>
33. Bridget M. The Role of Occupational Therapy in Community Based Recreation for Children and Adults with Disabilities [Internet]. [Estados Unidos]: Pacific University; 2016 [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: <https://commons.pacificu.edu/otde/15>
34. Fort M, Lundberg N, Zabriskie R, Eggett D, Prater MA, Barney K. Adolescent summer camp volunteers' attitudes toward peers with disabilities. Leis Sci [Internet]. 2017;39(3):277-94. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.1080/01490400.2016.1171740>
35. Veiga de Cabo J, Fuente Díez E de la, Zimmermann Verdejo M. Modelos de estudios en investigación aplicada: conceptos y criterios para el diseño. Med Segur Trab (Madr) [Internet]. 2008 [citado 6 de septiembre de 2023];54(210):81-8. Disponible en: http://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0465-546X2008000100011&lng=es
36. Blanco MCM-C, Castro ABS. El muestreo en la investigación cualitativa. Nure Investig [Internet]. 2007 [citado 6 de septiembre de 2023];

- Disponible en:
<https://www.nureinvestigacion.es/OJS/index.php/nure/article/view/340>
37. Santamaría Vázquez M, Lara Palma AM, Ortiz Huerta JH. Productos de apoyo de bajo coste. Experiencia de innovación docente basada en la metodología de aprendizaje y servicio, proyecto «Contigo soy capaz». Universidad de Burgos; 2022.
38. Consejería de Educación, Formación y Empleo de la Región de Murcia. Trastornos Generalizados del Desarrollo [Internet]. 2009 [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: <http://acise.cat/wp-content/uploads/2018/11/tgd.pdf>
39. Aguirre P, José B, Angulo MG, Luis González Fernández J, Osuna Gómez V, Carmen D, et al. Juntadeandalucia.es. [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: <https://www.juntadeandalucia.es/educacion/portals/delegate/content/19bb5b48-a97a-42d3-8208-394c283a2ce0>
40. King G, Lawm M, King S, Rosenbaum P, Kertoy MK, Young NL. A conceptual model of the factors affecting the recreation and leisure participation of children with disabilities. *Phys Occup Ther Pediatr* [Internet]. 2003;23(1):63-90. Disponible en: http://dx.doi.org/10.1080/j006v23n01_05
41. Título I. De los derechos y deberes fundamentales. Capítulo segundo. Derechos y libertades. Artículo 14. Recuperado el 16 de septiembre de 2023, de <https://app.congreso.es/consti/constitucion/indice/titulos/articulos.jsp?in i=14&tipo=2>
42. Kanics IM, Mohler R, Giudici MS, Ot S, Wagenfeld A. Aota.org. [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: <https://www.aota.org/-/media/Corporate/Files/Practice/Children/Inclusion-of-Children-With-Disabilities-20150128.PDF>
43. Berrios O. 10 medidas para lograr campamentos inclusivos [Internet]. Plena inclusión. Plena inclusión España; 2022 [citado 6 de septiembre

- de 2023]. Disponible en: <https://www.plenainclusion.org/noticias/10-medidas-para-lograr-campamentos-inclusivos/>
44. ¿Han discriminado a tu hija o tu hijo en un campamento de verano? Cuéntanos tu caso. (2021, julio 15). Plena inclusión; Plena inclusión España. <https://www.plenainclusion.org/participa/accion/han-discriminado-a-tu-hija-o-tu-hijo-en-un-campamento-de-verano-cuentanos-tu-caso/>
45. Shields, N., Synnot, A. Perceived barriers and facilitators to participation in physical activity for children with disability: a qualitative study. *BMC Pediatr* 16, 9 (2016). <https://doi.org/10.1186/s12887-016-0544-7>
46. Kolehmainen, N., Francis, J.J., Ramsay, C.R. *et al.* Participation in physical play and leisure: developing a theory- and evidence-based intervention for children with motor impairments. *BMC Pediatr* 11, 100 (2011). <https://doi.org/10.1186/1471-2431-11-100>
47. Christine Imms, Sarah Mathews, Kelli Nicola Richmond, Mary Law & Anna Ullenhag (2016) Optimising leisure participation: a pilot intervention study for adolescents with physical impairments, *Disability and Rehabilitation*, 38:10, 963-971, DOI: 10.3109/09638288.2015.1068876
48. Boy Scouts of America. Scouts with special needs and disabilities [Internet]. [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: <https://filestore.scouting.org/filestore/pdf/510-071.pdf>
49. Australian Camp Association. Inclusion Guide & Self - Assesment Resource [Internet]. 2020 [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: https://auscamps.asn.au/application/files/1615/9651/5855/ACA_INCLUSION_GUIDE_RESOURCE_2020.pdf
50. San C, Abad A, Arjó R. Equipo Especializado en Discapacidad Física: Motora y Orgánica [Internet]. Catedu.es. [citado 6 de septiembre de 2023]. Disponible en: https://equiposespecializados.catedu.es/wp-content/uploads/sites/234/2023/05/Guia-recursos-ocio-y-TL-Discapacidad_EEDF_mayo23-1.pdf

51. Majnemer, Annette. "Balancing the boat: enabling an ocean of possibilities." *Canadian journal of occupational therapy. Revue canadienne d'ergotherapie* vol. 77,4 (2010): 198-208. doi:10.2182/cjot.2010.77.4.2
52. O'Neil, Margaret E et al. "Community-based programs for children and youth: our experiences in design, implementation, and evaluation." *Physical & occupational therapy in pediatrics* vol. 32,2 (2012): 111-9. doi:10.3109/01942638.2012.668089
53. Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia. (s/f). *Escolas de tempo libre*. Xuventude.net. Recuperado el 16 de septiembre de 2023, de <http://xuventude.xunta.es/escolas-de-tempo-libre>
54. Real Decreto 567/2011, de 20 de abril, por el que se complementa el Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales, mediante el establecimiento de cuatro cualificaciones profesionales de la familia profesional servicios socioculturales y a la comunidad, 110 46917 (2011). <https://www.boe.es/eli/es/rd/2011/04/20/567/dof/spa/pdf>

8. Apéndices

8.1. Apéndice I: Lista de abreviaturas, acrónimos e siglas

A continuación, móstranse en orde alfabético as abreviaturas, acrónimos e siglas empregadas no texto co seu correspondente significado:

- **ACA:** Australian Camps Association. Asociación Australiana de Campamentos.
- **AOTA:** American Occupational Therapy Association. Asociación Americana de Terapia Ocupacional.
- **BOE:** Boletín Oficial de Estado.
- **BSA:** Boy Scouts of América. Boy Scouts de América.
- **CA:** Comunidade Autónoma.
- **CCAA:** Comunidades Autónomas.
- **CCAFYD:** Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- **CERMI:** Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade.
- **DOG:** Diario Oficial de Galicia.
- **FVI:** Foro de Vida Independente.
- **IGE:** Instituto Galego de Estatística.
- **MOHO:** Modelo de Ocupación Humana.
- **ONCE:** Organización Nacional de Cegos Españois.
- **ONU:** Organización das Nacións Unidas.
- **TEA:** Trastorno do Espectro Autista.
- **TO:** Terapia Ocupacional.
- **TSEAS:** Técnico Superior en Ensinanza e Animación Socio deportiva.
- **UDC:** Universidade da Coruña.
- **WFOT:** World Federation of Occupational Therapists. Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais.

8.2. Apéndice II: Requisitos para a participación de menores con diversidade funcional nos campamentos de verán galegos

A continuación, móstranse os requisitos estipulados para participar nos campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade da Xunta de Galicia (17):

- Ter recoñecida unha porcentaxe de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 50 anos. Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima ao seu remate.
- Estar empadroadas/os nalgún concello de Galicia.
- Non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.

8.3. Apéndice III: Valoración dos participantes con diversidade funcional nos campamentos de verán galegos.

Para a valoración das persoas con diversidade funcional, utilízase un formulario que recolle información individual específica. Recóllense os seguintes datos da persoa con discapacidade (15):

- A porcentaxe de discapacidade que ten recoñecida:
- Se ten recoñecida axuda de terceira persoa: **Non / Si** e/ou para mobilidade?: **Non / Si**
- En que ano e localidade se lle efectuaron estes recoñecementos:
- A que tipo de centro asiste habitualmente: **Escolar / Ocupacional / Residencial**
- Se está interno no centro: **Non / Si**
- En caso afirmativo, con que periodicidade vai ao seu domicilio: **Os fins de semana / Cada 15 días / Nas vacacións escolares / Nunca**
- Indicar se precisa axuda para:
 - Erguerse e/ou deitarse **Non / Si**
 - Comer **Non / Si**
 - Asearse **Non / Si**
 - Vestirse **Non / Si**
 - Control de esfínteres **Non / Si**
 - Moverse **Non / Si**
- Indicar se é usuario/a de:
 - Cueiros **Non / Si / Sempre / Só pola noite**
 - Cadeira de rodas **Non / Si**
 - Bastón **Non / Si**
 - Andador **Non / Si**
- Describir cales son as súas características específicas.
- Indicar cales son as súas necesidades especiais.
- Indicar cales son as atencións e apoios que precisa.

8.4. Apéndice IV: Testemuñas de familias sobre o acceso a campamentos de verán

Requisitos excluíntes	<p>“É escandaloso, nos campamentos en que aceptan a nenos e nenas con discapacidade hai uns requisitos que deixan fóra á maioría: que non necesiten axuda de terceiras persoas, que poidan comunicarse e participar en todas as actividades. É dicir, que se son discapacitados, que o sexan pero pouco” (20-23).</p> <p>“Todas as actividades de verán, colonias, campamentos, deportes, están pensadas para quen non teñen discapacidade. Hai moi poucas actividades en España que sexan realmente inclusivas. E no caso de que se acepten nenos e nenas con discapacidade, mobilidade reducida ou discapacidade intelectual, é para quen ten pouca discapacidade” (20-23).</p>
Falta de formación	<p>"Necesítase máis concienciación, máis formación e sobre todo máis vixilancia por parte das Administracións competentes para garantir a participación de todas as persoas" (20-23).</p> <p>"Existe tanta desinformación sobre o manexo das crises que se non hai enfermeira atopámonos con que non hai campamento, nin excursións, nin nada de nada. E se só fóra nesta época do ano... pero o curso escolar é aínda peor" (20-23).</p> <p>"Cando a miña filla era pequena tiña que depender da boa vontade de alguén que quixese integrala" "(...) Foi xenial, y foi porque a monitora tamén facía terapia ecuestre" (20-23).</p>

	<p>"Necesítase máis concienciación, máis formación e sobre todo máis vixilancia por parte das Administracións competentes para garantir a participación de todas as persoas" (20-23).</p> <p>"Non nos poderíamos imaxinar que nos campamentos extraescolares, por exemplo, non se cumprise coas medidas de seguridade e hixiene. Custe o que custe, están, porque é obrigatorio" (20-23)</p>
<p>Sobrecarga da persoa coidadora ante a falta de respiro familiar</p>	<p>"Cada verán é o mesmo abafo: véxome encerrada en casa cun neno que é gran dependente e que se vai a pasar todas as vacacións só, sen poder gozar como os outros nenos. E é que ademais eu cóidoo soa e estou esgotada, non podo máis. Necesito descansar" (20-23).</p> <p>"O meu fillo é un neno pequeno ao que lle gusta pasalo ben. Necesita lecer como calquera outro. E eu necesito esas mañás para conciliar" (20-23).</p>
<p>Falta de recursos</p>	<p>"Fun a apuntar ao meu fillo a un campamento de verán do Concello. Díxenlles que tiña unha discapacidade importante, para que non houbera sorpresas. E aí xa me dixeron que non había persoal para atendelo e que non ía gozar das actividades. Non me deron alternativa" (20-23).</p> <p>"Aceptábana se poñía unha persoa de apoio. Sempre me respondían que non tiñan medios" (20-23).</p> <p>"Ao principio non che poñen problemas, pero démonos conta de que o neno estaba desprazado, coidábano e xa está, pero non o integraban. Era unha nai do AMPA a que estaba con el" (20-23).</p>

Discriminación	<p>"(...) O meu fillo é un neno pequeno ao que lle gusta pasalo ben. Necesita lecer como calquera outro. E eu necesito esas mañás para conciliar, como calquera outra familia. Pero para nós non hai opcións. O meu fillo estará na casa, perdéndose cousas" (20-23).</p> <p>"É o máis sanguento, porque ofrecen servizos públicos que deberían ser para todos. A nosa familia paga impostos como as demais e logo exclúennos dos servizos" (20-23).</p> <p>"Cando a miña filla era pequena tiña que depender da boa vontade de alguén que quixese integrala" (20-23).</p> <p>"Sabem que estou, pero non me ven" (...) "Pásoo mal. Non hai campamentos felices. Moitas normas, moitas prohibicións, moito control. Non che deixan ser, déixanche estar" (20-23).</p>
-----------------------	--

8.5. Apéndice V: Cuestionario sobre formación en diversidade funcional no ámbito do ocio e tempo libre

Cuestionario sobre formación en diversidade funcional no ámbito do ocio e tempo libre

Estimadas/os profesionais do tempo libre.

En primeiro lugar, gustaríanos agradecer vos a vosa participación neste estudo pertencente a un Traballo de Fin de Grado da Universidade da Coruña, titulado: "Proposta de adaptación das actividades dun campamento de verán para nenas e nenos con diversidade funcional".

A súa colaboración é fundamental tanto para o correcto desenvolvemento da investigación como para promover a necesidade de formación en diversidade funcional no mundo do ocio e tempo libre.

O obxectivo do cuestionario é saber como percibe vostede a necesidade de formación así como a situación actual en canto á preparación das/os profesionais do tempo libre para levar a cabo un correcto traballo con nenos e nenas con diversidade funcional.

Antes de responder o cuestionario, lea atentamente as preguntas e conteste con total sinceridade. Nesta enquisa, non existen respostas correctas nin incorrectas. En cada pregunta detallase si debe marcar só unha opción ou si pode marcar máis.

Por suposto, este cuestionario é completamente anónimo. A información obtida tratarase de forma confidencial e só estará destinada ao propio estudo. En concreto, os datos recollidos nesta enquisa trataranse segundo o disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (Regulamento UE 2016-679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril do 2016), e na normativa española vixente sobre protección de datos de carácter persoal (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais).

Moitas grazas pola súa participación.

* Indica que a pregunta es obligatoria

1. Consente a súa participación neste estudo, nas condicións detalladas anteriormente? *

Marca solo un óvalo.

- Si *Salta a la pregunta 2*
 Non

5. Sempre que se deo o caso, o neno ou nena puido participar en TODAS as actividades e dinámicas independentemente da súa diversidade funcional?

Marca solo un óvalo.

- Si, en todos os casos
 En case todos os casos
 Nalgún caso si, nalgún caso non
 Na maioría de casos non
 En ningún caso ou case en ningún

6. En caso de que non puidesen participar, cal foi o motivo? *

Selecciona todos los que correspondan.

- Falta de coñecemento sobre adaptacións
 Falta de coñecemento sobre como actuar
 Falta de recursos para adaptar a actividade
 Otro: _____

7. En caso de que non puidesen participar, cal foi o motivo? *

Selecciona todos los que correspondan.

- Falta de coñecemento sobre adaptacións
 Falta de coñecemento sobre como actuar
 Falta de recursos para adaptar a actividade
 Otro: _____

2. Vostede posúe o título de monitor ou monitora de tempo libre? *

Marca solo un óvalo.

- Si
 Non

3. En que ámbito do tempo libre traballou vostede? *

Selecciona todos los que correspondan.

- Campamentos de pernoita
 Campamentos urbanos
 Ludotecas
 Animacións
 Comedores
 Otro: _____

4. Nos lugares onde traballou vostede como monitor ou monitora, nalgún momento houbo nenos ou nenas con algún tipo de diversidade funcional?

Marca solo un óvalo.

- Si
 Non
 Non estou seguro ou segura

8. Vostede recibiu algún tipo de formación en diversidade funcional para traballar neste ámbito?

Marca solo un óvalo.

- Si
 Non

9. Se marcou "Si" na pregunta anterior, especifique cal:

10. Cre que en xeral as persoas que traballan neste ámbito teñen formación sobre diversidade funcional?

Marca solo un óvalo.

- Si
 Non
 Otro: _____

11. En base á súa experiencia como profesional, considera importante dispoñer de formación sobre diversidade funcional para traballar neste ámbito?

Marca solo un óvalo.

- Si
 Non
 Otro: _____

12. Marque en que perfís de diversidade funcional considera máis necesario recibir formación tendo en conta as limitacións que pode presentar a persoa ou o número de casos que atopa habitualmente de cada perfil:

Selecciona todos los que correspondan.

- Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH)
 Trastorno do Espectro Autista (TEA)
 Síndrome de Down ou Discapacidade intelectual en xeral
 Discapacidade visual total ou parcial
 Paraplexía temporal ou permanente (persoa usuaria de cadeira de rodas)
 Retraso madurativo
 Para todos os perfís é igual de necesario recibir formación
 Otro: _____

8.6. Apéndice VI: Formación do monitorado de tempo libre

En Galicia, a formación do monitorado de tempo libre corre a carga das Escolas de Tempo Libre definidos coma centros de formación específicos de educación non formal no eido do tempo libre. Están reguladas na nosa Comunidade Autónoma polo Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude (6) e o Decreto 58/2012 (do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior (53).

A formación de profesionais de tempo libre en Galicia distingue en “cursos de primeiro nivel, cuxa titulación se corresponde coa de monitoras ou monitores de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil (200h) e cursos de segundo nivel, cuxa titulación se corresponde coa de director ou directora de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil e director ou directora de campos de traballo” (6).

Analizouse o temario establecido nestas formacións e identificáronse os seguintes contidos relacionados coa atención a diversidade:

Curso de monitorado de actividades de tempo libre (200 horas)	
1º Parte (45h)	“3. Necesidades educativas especiais no tempo. Inadaptación e marxinação”
Dirección de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil (150 horas)	
3. Área de xestión (85h)	“3.6.4. Minusválidos”.

O programa formativo para o curso de directores de actividades de tempo libre inclúe no seu programa de 150 horas un apartado dedicado a atención á diversidade mencionado coma “3.6.4. Minusválidos”. Por outra banda, no programa de primeiro nivel de 200 horas lectivas, no estadio inicial de 45

horas lectivas, menciona como parte do temario o seguinte: “3. Necesidades educativas especiais no tempo. Inadaptación e marxinação” (6)

A nivel estatal, O Real Decreto 567/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, establece na familia profesional servizos socioculturais e á comunidade a “Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil y xuvenil” e a “Dirección e a coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil” (54).

Analizouse as competencias destas cualificacións e identificáronse nos módulos formativos os seguintes contidos relacionados coa atención a diversidade e non se encontran diferencias de formación entre o nivel primeiro e segundo nivel de formación:

Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil (270 horas)		
MF1866_2	Actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.	90h
MF1867_2	Procesos grupais educativos no tempo libre infantil e xuvenil.	60h
1. Desenvolvemento psicosocial nas actividades de tempo libre na infancia e adolescencia	(...) Discapacidade: características. (...)	
C2: Elixir contidos e estratexias de intervención en función da diversidade das persoas e os grupos	CE2.1 Describir as características das discapacidades considerando as repercusións no desenvolvemento de actividades de tempo libre	
MF1868_2	Técnicas e recursos de animación en actividades de tempo libre.	120h
Dirección e a coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil		
MF1869_3	Planificación, organización, xestión e avaliación de proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil.	120h

MF1867_2	Procesos grupais e educativos no tempo libre infantil e xuvenil.	60h
1. Desenvolvemento psicosocial nas actividades de tempo libre na infancia e adolescencia	(...) Discapacidade: características. (...)	
C2: Elixir contidos e estratexias de intervención en función da diversidade das persoas e os grupos	CE2.1 Describir as características das discapacidades considerando as repercusións no desenvolvemento de actividades de tempo libre	
MF1868_2	Técnicas e recursos de animación en actividades de tempo libre.	120h
MF1870_3	Coordinación e dinamización do equipo de monitoras e monitores de tempo libre.	90h

8.7. Apéndice VII: Guía de recursos para a atención á diversidade nos campamentos de verán

[Preme aquí para consultar a guía](#)

